



José Arriola. Ferrol 1895 - Barcelona 1954.



ESTREA ABSOLUTA
*CONCERTO PARA TROMPA
E ORQUESTRA*

DE

JOSÉ ARRIOLA

INTERPRETADO POLA

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

Teatro Jofre.
Ferrol, 20.30 h do 30 de marzo de 2011.

PROGRAMA

I

FEDERICO MOSQUERA (1986)

Concertino para orquestra de corda (2010)

JOSÉ ARRIOLA (1896-1954)

Concerto para trompa e orquestra (1948)*

Deciso

Andante calmo

Allegro ma non troppo

DAVID FERNÁNDEZ ALONSO, TROMPA

II

FRANZ JOSEPH HAYDN (1732-1809)

Sinfonía núm. 92 en Sol maior, “Oxford” (1788)

Adagio – Allegro spiritoso

Adagio

Menuetto – Trio

Finale. Presto

* Estrea absoluta.



A MÚSICA E A INTIMIDADE DA FAMILIA ARRIOLA José Arriola (Pepito Arriola) (1895-1954)

Luis Mera Naveiras

Pepito Arriola —apenas coñecido antes de que a revista *Ferrol Análisis* recuperase unha parte da súa vida como intérprete e como compositor— aparece hoxe como unha das maiores realidades dentro do panorama musical de Galicia no século XX inmerso na eterna pauta que desde os «sentires» musicais de carácter universal deu sempre aos compositores o pouso que deixa o ronsel e, a través del, descubríámolo. Estamos comezando a ver, por el, destro de nós, de Galicia, a súa propia música.

O ferrolán Pepito Arriola nace no seo dunha familia de fondas raíces de tradición liberal e ilustrada da cidade, berce ou residencia de prominentes liberais vencellados á técnica, ás artes ou ás letras. Ferrol segue a ser hoxe en día a gran descoñecida en Galicia nas tres facetas citadas. Así o afirma o profesor Xosé Ramón Fernández cando escribe no ano 2000: «Teñen razón cantos, por razóns obxectivas e non localistas, poñen de manifesto o escaso espazo que os historiadores dedicamos ao liberalismo ferrolán na construción dun modelo liberal galego».

Pepita Arriola chega a Madrid na compañía da súa nai cando aínda non cumprira os catro anos. O seu primeiro recital realizao no salón de concertos dos señores Montano, o 4 de decembro de 1899. Aos poubos días, a fama do precoz neno fai que actúe no Ateneo de Madrid, que nomeao novísimo intérprete como Socio de Mérito. Era o 2 de febreiro de 1900. A familia real escóitao no palacio e concédelle unha bolsa de estudos en Alemaña.

Estuda no Conservatorio de Berlín e obtén o Premio Extraordinario. Recibe aulas de Richard Strauss e técnica e expresión pianística do español Alberto Jonás, discípulo de Antón Rubinstein.

O mítico director de orquestra Nikisch escóitao, protéxeo e ofrécelle un concerto coa Orquestra Filharmónica de Berlín, sendo considerado pola crítica alemá como «o mito musical dos primeiros anos do século XX».

Realiza unha xira musical por Alemaña en 1908 e posteriormente é convidado para ofrecer un recital na corte do emperador Guillermo II. A calidade interpretativa e o en-

tusiasmo do emperador alíanse e é nomeado pianista do palacio. A partir deste momento o seu nome, ligado á música de concertos, soa en toda Europa e dá recitais en Holanda, Inglaterra, na corte do tsar Nicolás de Rusia e, en maio de 1912, na Scala de Milán.

Unha das referencias culminantes da súa vida pianística foi en EE UU en 1909, coas actuacións no Carnegie Hall e no Metropolitan. En California ofreceu un concerto ante vinte mil espectadores. Continúa as súas actuacións en Canadá, Arxentina e México.

En 1914, antes do comezo da I Guerra Mundial, inicia unha segunda xira europea. Ten 19 anos e xa non son os tempos de gloria do precoz pianista. A Gran Guerra obrígao a volver a España e no ano 1919 realiza uns concertos por diversas cidades de Galicia. A traxedia bélica envolve a vida de Arriola. Reside en Alemaña novamente e a II Guerra Mundial amósanolo animando os exércitos de Hitler desde a emisora alemá Onda Corta. Regresa a España e instálase en Barcelona, onde mantén relacións co profesor Marshall e con Xavier Montsalvatge. Ofrece concertos en Cataluña e posteriormente en Teherán dous anos antes da súa morte.

A súa vida compositiva comeza coa habaneira *Aurora* cando tiña tres anos e as *Impresiones Argentinas* con vinte e un. Estas son as únicas obras que se acharon da súa primeira etapa como compositor. Posteriormente descubríronse doce obras manuscritas de José Arriola en Ferrol, documentadas en *Ferrol Análisis*, escritas en Barcelona a partir de 1946.

Hoxe descóbrese unha nova música, «moderna en su contexto, música lírica que explita el calor y la delicadeza del sonido» —afirman nun amplo artigo Julia María Dopico Vale e José Luis Mera Castro— que «sigue las pautas de la línea compositiva de la época, no dejando por ello de ser una obra de altura, de interés artístico y de gran belleza».

Nunhas recentes xornadas de estudo onde músicos e críticos analizaron a súa obra, afirmaron —a modo de conclusión— foi rotunda: «Xosé Arriola é, con Gaos, un dos mellores compositores galegos da primeira metade do século XX».

Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia iniciou a súa actividade en 1996 no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela), onde presenta a súa temporada estábel de concertos. O seu primeiro director titular foi Helmut Rilling, quen, dende 1996 até o ano 2000, traballou partindo do repertorio sinfónico clásico austro-alemán. Antoni Ros Marbà, director titular dende o ano 2000, afondou nesa liña ademais de incorporar á orquestra un repertorio internacional máis amplo que, de xeito singular, inclúe encargos a compositores galegos.

Ademais do mestre compostelán Maximino Zumalave, director asociado e vinculado á RFG dende o seu inicio, e do director británico Paul Daniel, principal director invitado, tamén dirixen a RFG outros directores como Frans Brüggen, Juanjo Mena ou Hansjorg Schellenberger, entre outros. Do mesmo xeito xunto á RFG actuaron os mellores intérpretes, por exemplo Frank Peter Zimmermann, Daniel Hope ou Vadim Repin (violin), Natalia Gutman, Lluís Claret ou Enrico Dindo (violoncello), Joaquín Achúcarro, Rudolf Buchbinder ou Eldar Nebolsin (piano) e cantantes como Teresa Berganza, Thomas Quasthoff ou Matthias Goerne.

Como actividade externa, a presenza nas cidades galegas así como no resto de España é de capital importancia, do mesmo xeito que as xiras internacionais que realizou (Austria, Alemaña, Francia, Brasil, Arxentina e, especialmente, Portugal). Paralelamente, potencia a súa actividade en Santiago cun ciclo de cámara organizado colaboración coa Universidade de Santiago, e cos concertos didácticos que desde 1996 organiza co Auditorio e que posibilitan que cada ano ao redor de 7.000 escolares poidan achegarse á música sinfónica.

Recentemente, a RFG presentou dous traballos discográficos inéditos adicados a Manuel de Falla e Frederic Mompou, editados, respectivamente, polos selos Claves e Warner. Estreitamente vinculada á RFG está a Escola de Altos Estudos Musicais que forma cada ano corenta alumnos, cos músicos da RFG como profesores.

A RFG está xestionada administrativamente polo Consorcio de Santiago e forma parte da Asociación Española de Orquestras Sinfónicas (AEOS).



Maximino Zumalave, director

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmut Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, Principal director invitado da Orquesta Sinfónica de Galicia (1992-1995) e Director Asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director Asociado da Escola de Altos Estudios Musicais de Galicia e Profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela.

Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmáns Labèque, N. Lahusen, A. de Laroche, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfé Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros.

Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu a importantes formacións tanto estranxeiras como españolas como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, a Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Oporto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, a Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquesta Ciudad de Granada entre outras.

Foi invitado a participar en xurados e presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buide, Durán, Macías, de Paz, Pereiro, Vázquez ou Víaño. O seu compromiso coa Cultura de Galicia trascende alén a Música: Torrente Ballester enviulle unha obra *"lamentando que no pueda ser una sinfonía"* e a poetaisa Eva Veiga escribe:

"...Maximino, que coas súas mans do silencio arrinca a máis pura poesía, no espacio fuxidia no corazón eterna."

É Licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995 foi elixido Académico de Número da Real Academia Galega de Belas Artes Nuestra Señora del Rosario. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.



David Fernández Alonso, trompa

David Fernández Alonso nace en Vigo. Comeza os seus estudos de música aos 12 anos na escola da banda Unión Musical de Coruxo e continúa no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde realiza os seus estudos de trompa con Camilo González. O seu primeiro contacto coas orquestras foi na Orquestra Clásica de Vigo. Pouco despois pasaría a formar parte da JONDE, a Nova Orquestra da Unión Europea e a Nova Orquestra Gustav Mahler, onde comezou a tocar regularmente como trompa principal baixo directores como Giulini, Rotdestiwensky, Haitink, Ashkenazy, Ozawa e outros.

Como profesional comezou na Sinfónica de Galicia, despois formou parte da Sinfónica da Radio Bávara e Radio de Stuttgart, e actualmente é trompa principal da Orquesta de la Comunidad Valenciana Palau de les Arts Reina Sofía. Tocou con directores como Maa-zel, Muti, Jansons, Mehta, Masur, Sawallisch, Gerguiev, Haitink, Boulez, Harding e moitos máis, nos auditorios e salas de concerto máis prestixiosas do mundo, como o Carnegie Hall de Nova York, Philharmonie de Berlín e Múnic, Santori Hall en Tokio, Concertgebow de Amsterdam, Musikverein de Viena, Auditorio Nacional de Madrid e moitas máis. David colaborou como trompa principal coa Staatskapelle de Dresde, SWR de Stuttgart, BBC de Londres, Radio de Oslo e a Orquestra de Cámara Mahler.

Obtivo o primeiro premio e premio especial do público na especialidade de quinteto de vento no concurso da ARD de Múnic, con Miroensemble; o primeiro premio do concurso de trompa das Universidades de Música Alemás celebrado en Bremen e o primeiro premio no concurso de trompa de Sparda-Bank en Karlsruhe.

Actúa en festivais de música de Alemaña, Austria e Suíza, como Hitzacker, Salzburgo ou Lucerna, e este ano no ciclo de Cámara do Auditorio Nacional de Madrid, interpretando os tríos de Brahms (con trompa natural) e Ligeti, e o *Adagio e Allegro* de Schumann, con Jan Söderblom ao violín e Noam Greenberg ao piano, recibindo un grande éxito de crítica. Forma parte do grupo de cámara Moon-winds que dirixe Joan Enric Lluna.

Como solista de trompa interpretou gran parte do repertorio para trompa tanto con piano como con orquestra: Mozart, Strauss, Haydn, Britten, Weber, etc.

David Fernández é profesor de trompa no Conservatorio Superior de Música de Mallorca e impartiu cursos de trompa por toda a xeografía española e foi invitado como profesor con orquestras novas como a JONDE, Joven Orquesta de Mucia, Galicia, Asturias, Valencia e a JONC.

En 2003 recibiu o Premio da Crítica de Galicia no apartado de música.